

ECONOMÍA APLICADA • 10

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

Departamento de Economía Aplicada.
FF. CC. Económicas e Empresariais.
Universidade de Santiago de Compostela.
Av. Do Burgo das Nacións s/n.
15.704 Santiago de Compostela.
E-mail: eagrr@usc.es

**ANÁLISE DOS INPUTS INTERMEDIOS, PRIMARIOS
E DA FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL
FIXO NO SECTOR MITÍCOLA GALEGO.**

CONSELLO EDITOR:

Xoaquín Álvarez Corbacho,
Economía Aplicada. UC;
Manuel Antelo Suárez,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Juan J. Ares Fernández,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Xesús Leopoldo Balboa López,
Historia Contemporánea. USC;
José Manuel Beiras Torrado,
Economía Aplicada. USC;
Joam Carmona Badía,
Historia e Institucións Económicas. USC;
Luis Castañón Llamas
Economía Aplicada. USC;
Xoaquín Fernández Leiceaga,
Economía Aplicada. USC;
Lourenzo Fernández Prieto,
Historia Contemporánea. USC;
Ignacio García Jurado,
Estatística e Investigación Operativa. USC;
Mª do Carmo García Negro,
Economía Aplicada. USC;
Xesús Giraldez Rivero,
Historia e Institucións Económicas. USC.
Wenceslao González Manteiga,
Estatística e Investigación Operativa. USC;
Manuel Jordán Rodríguez,
Economía Aplicada. USC;
Rubén C. Lois González,
Xeografía. USC;
Edelmiro López Iglesias,
Economía Aplicada. USC;
José A. López Taboada,
Historia e Institucións Económicas. USC.
Alberto Meixide Vecino,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Emilio Pérez Touriño,
Economía Aplicada. USC;
Miguel Pousa Hernández
Economía Aplicada. USC;
Albino Prada Blanco,
Economía Aplicada. UV;

Carlos Ricoy Riego,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
José Mª da Rocha Alvarez,
Fundamentos da Análise Económica. UV;
Xavier Rojo Sánchez,
Economía Aplicada. USC;
José Santos Solla,
Xeografía. USC;
Juan Surís Regueiro,
Economía Aplicada. UV;
Manuel Varela Lafuente,
Economía Aplicada. UV;

COORDENADORES DA EDICIÓN:

- **Área de Análise Económica**
Juan J. Ares Fernández

- **Área de Economía Aplicada**
Manuel Jordán Rodríguez

- **Área de Historia**
Lourenzo Fernández Prieto

- **Área de Xeografía**
Rubén C. Lois González,

ENTIDADES COLABORADORES

Fundación Caixa Galicia
Consello Económico e Social de Galicia
Fundación Feiraco
Instituto de Estudos Económicos de
Galicia Pedro Barrié de la Maza

Edita: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela
ISSN: 1138 - 2686
D.L.G.: C-1689-97

ANÁLISE DOS INPUTS INTERMEDIOS, PRIMARIOS E DA FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL FIXO NO SECTOR MITÍCOLA GALEGO.

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

RESUMO:

No presente documento tentamos realizar unha caracterización estrutural do sector míticola galego. Con este fin, e apiandonos na información contida nas Táboas Input Output da Pesca-Conserva Galegas. 1995, realizamos unha exhaustiva disección deste subsector através das súas relacións co resto da economía. Isto permítenos diversas consideración de carácter interno, así como outras relativas á súa integración no sector pesqueiro-marisqueiro-conserveiro galego.

A comparación de diversos epígrafes co restantes subsectores contidos na táboas permítenos profundizar na caracterización e definir o espacio propio da miticultura neste sector.

PALABRAS CLAVE: Miticultura, acuicultura, análise input-output.

ABSTRACT:

In the present paper we make a structural description of the galican mussel sector based on the information obtained by input-output analysis and contained in the publication entitled "Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas. 1995. With this aim, we study the internal characteristics of this sector as well as its relation with the fishery-shellfishery-processing sector and the economy as a whole.

This analysis permit us to show the importance of the mussel farming in Galicia and its role in the fishing sector

KEY WORDS: Mussel farming, aquaculture, input-output analysis.

1. INTRODUCCIÓN.

Neste traballo realizamos unha análise comparada dos inputs empregados no proceso productivo da miticultura. Esta análise, na medida en que establece elementos de referencia no propio sector, permitirá unha axeitada caracterización e un máis preciso coñecemento desta actividade.

A estes efectos definimos ese marco sectorial como aquelas actividades pesqueiras e marisqueiras (ademáis da propia miticultura) nas que o eixo da actividade xira entorno á explotación directa do recurso e que, cando menos nese aspecto, serían homologables á produción de mexillón. Estaríamos a falar xa que logo da pesca de baixura, litoral, altura, grande altura e marisqueo

2. ANÁLISE COMPARADA DOS INPUTS INTERMEDIOS NA MITICULTURA.

Co obxecto de contextualizar a significación dos inputs intermedios na estrutura productiva da miticultura escomenzaremos esta análise relacionando o valor dos inputs coa produción efectiva, e dicer, relacionando os consumos do conxunto das explotacións co valor da produción obtida na Galiza antes de aplicarlle o IVE.

Táboa 1. PESO RELATIVO DOS INPUTS NA PESCA GALEGA.

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Inputs	5.938.604	6.146.499	10.590.045	19.724.622	2.564.898	339.474
Producción efectiva	17.818.125	17.591.171	28.482.509	42.950.955	8.790.894	5.573.549
% Inputs sobre P. E.	33,3%	34,9%	37,2%	45,9%	29,2%	6,1%

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.


A hora de establecer conclusións sobre o peso dos inputs na miticultura en función dunha análise comparativa a respecto dos restantes subsectores da pesca galega

debemos ser prudentes, dado que o r atio obtido non s o depende do valor dos inputs se non tam en do valor acadado pola producci on. Dado que non dispomos dun valor medio das especies capturadas ou producidas por cada subsector limitaremos a an alise a informaci on disponible.

Na medida en que o precio medio do mexill on   barato a respecto de outras especies, e dado que o ratio resultante   inferior ao dos restantes subsectores (salvo o caso do marisqueo) temos que concluir que o peso do consumos intermedios na miticultura   baixo, m ais ainda trat andose dunha actividade de cultivo. O que sen d ubida   un dos factores posibilita a supervivencia ou a rendabilidade das explotaci ons con baixo precios unitarios para o produto. Non obstante o peso dos inputs estar a pr oximo a subsectores pesqueiros como o de baixura ou litoral, e xa distante de actividades que de feito son industriais como a pesca de grande altura.

A caracter stica m ais relevante no uso dos inputs na miticultura   o forte peso de aqueles mercados na Galiza, que representan un 78,22% do total. Porcentaxe lixeiramente por baixo da media do sector, que   do 80,96%. Tal caracter stica non debemos calificala a priori en termos de positivo ou negativo, xa que por unha banda, este ratio reflexa un efecto de arrastre proporcionalmente elevado respecto do tama o do propio sector, e indica, adem ais a incardinaci on deste subsector dentro dun dos sectores m ais integrados e vertebrados da econom a galega.

Pero por outra banda, e tal e como amosa a Gr afica 1, atopouse unha relaci on, en xeral, inversa entre a *formaci on bruta de capital fixo* e o car acter galego dos inputs. Polo tanto, a medida que se incrementa a dimensi on, complexidade e capitalizaci on (caracter sticas que nalgunha medida sintetiza a formaci on bruta de capital fixo) destes subsectores diminue a presenza de inputs galegos nas suas compras. Relaci on que debemos interpretar en termos de tendencia e non de estricteza proporcionalidade e que poidera ser debida a ausencia de oferta no mercado galego de inputs cun maior valor engadido vinculado   compo nente tecnol oxica, cuio emprego aumenta a medida que aumenta a dimensi on e complexidade do sector.



FONTE: Elaboración propia sobre as TIOPC 95.

Tamén cabe a posibilidade de que nos casos da pesca de altura e gran altura se realicen determinados aprovisionamentos en países próximos as pesquerías e polo tanto se reflexen nas táboas como adquisicións no resto do mundo. Precisamente esta relación acadada o seu máximo na pesca de gran altura, acadando o seu mínimo no marisqueo, e dándose unha excepción no caso da pesca de litoral que cunha estrutura productiva similar á de baixura acadada unha presenza de inputs galegos superior a esta en 9 puntos porcentuais, acadando un significativo 94%, que con todo non invalida a análise que podemos facer da tendencia principal.

Si tomásemos outro indicador da complexidade dos diversos subsectores, como pode ser o número de sectores suministradores de inputs empregados, o resultado da comparación en termos de tendencia sería absolutamente idéntico, diminuíndo a presenza de inputs de orixe galega a medida que aumenta o número de sectores suministradores dos inputs que emprega cada subsector. Tamén neste caso a pesca de litoral é a excepción.

**Táboa 2. INDICADOR DA COMPLEXIDADE DOS
SUBSECTORES PESQUEIRO-MARISQUEIROS.**

	Baixura.	Litoral	Altura.	G. altura	Miticultura	Marisqueo.
Nº de sectores	28	29	32	35	25	14

FONTE: Elaboración propia sobre as TIO PC 95.

Si nesta análise tivéramos incluído a conserva os resultados serían radicalmente distintos, dadas as notables diferencias na estrutura productiva desta industria transformadora fronte ao resto dos subsectores, de carácter extractivo. Así por exemplo a porcentaxe de inputs galegos na conserva é do 45,59%. Do mesmo xeito, a pesca de Gran Altura, que xa incorpora nos propios barcos procesos de transformación, resulta dos subsectores pesqueiros o que menor porcentaxe de inputs de orixe galega adquire.

O total de inputs intermedios empregados na miticultura ascende a 2.564,898 millóns de pesetas, o que supón un coeficiente técnico de produción do 0,2917, é dicir, por cada unidade monetaria que produce a miticultura demanda inputs por valor de 0,2917. Este ratio permítenos avanzar que se trata dunha actividade intensiva en recurso. A procedencia destes inputs mostrase na Táboa 3 de xeito comparado co conxunto do sector pesqueiro galego:

**Táboa 3. PROCEDENCIA DOS INPUTS DA MITICULTURA A RESPEITO
DO CONXUNTO DO SECTOR PESQUEIRO-MARISQUEIRO.**

	MITICULTURA	Porcentaxe respecto ó sector	SECTOR PESQUEIRO
GALIZA	2.006.328	5,77%	34.743.268
ESPAÑA	185.459	5,04%	3.673.510
MUNDO	373.111	5,41%	6.887.364
TOTAL	2.564.898	5,69%	44.999.142

FONTE: Elaboración propia sobre as TIOPC 95.

Esta táboa tamén nos permite observar o peso dos insumos da miticultura no total do sector, que sería do 5,69%; Sen que haxa variacións destacables na porcentaxe de inputs segundo as distintas procedencias, aínda que a presenza de inputs procedentes da Galiza é lixeiramente superior a súa participación no total, e consecuentemente a presenza de inputs xerados no resto do Estado lixeiramente inferior.

A análise dos inputs deste subsector reflexa unha composición bastante diversificada, e dicir, non existe unha forte dependencia de ningún dos inputs, si ben catro de eles: *cabos e redes, envases e embalaxes e outras industrias da madeira, refino de petróleo e outros e maquinaria e equipa mecánica*, representan, con 1386,567 millóns, o 54,05% do total. Polo tanto, e como era de esperar o maior peso nos inputs recae nos medios necesarios para a extracción do recurso, situación que previsiblemente atoparemos e calquera outra actividade primaria.

Táboa 4. PRINCIPAIS INPUTS DA MITICULTURA. (Miles de pesetas)

	Galiza	Total
Cabos e redes	447.500	447.500
Env. Y emb. Madeira	274.171	274.171
Refino de petróleo	441.664	441.664
Maquinaria	22.323	202.909

FONTE: Elaboración propia sobre as TIOPC 95.

Chama a atención que o 90% dos inputs considerados baixo o epígrafe de *maquinaria e equipa mecánica*, onde se recolle basicamente repostos mecánicos e reparacións e mantemento corrente de maquinaria e equipos, sexan mercados fora da Comunidade Autónoma Galega, e mesmo nun 65% fora do contexto do Estado. Este resultado podería ter unha dobre causalidade. Por unha banda estaría relacionado coa hipótese anteriormente citada de que a medida que aumenta a compoñente tecnolóxica do capital físico aumente a merca de inputs no exterior, entendido como o resto do Estado ou terceiros países. Á vez, o diferente orixe dos inputs recollidos nesta partida podería ser debido a súa diferente natureza, de maneira que o 10% adquirido na Galiza esteña maioritariamente composto por gastos en reparacións de maquinaria e equipos,

sendo o restante 90% fundamentalmente repostos, cuxa fabricación realizárase no exterior. Na medida en que isto efectivamente sexa así, ese 10%, equivalente a 22,323 millóns, constitúe o principal gasto en reparacións do subsector miteiro.

Así mesmo debemos puntualizar que baixo o epígrafe de *envases e embalaxes e outras industrias da madeira* recóllese en maior medida adquisicións realizadas a diversas industrias da madeira como poden ser palillos para o encorde (se ben na actualidade están a ser substituídos polos confeccionados con plástico), pontóns para as bateas, outras aplicacións da madeira e en moita menor medida envases e embalaxes.

De feito, na partida de *envases e embalaxes de plástico* é onde se recolle a práctica totalidade deste tipo de utensilios, adquiridos na súa totalidade no mercado galego, e que supoñen un importe de 95,291 millóns de pesetas.

Xa que a información detallada do consumo de inputs na miteicultura figura nas Taboas Input-Output da Pesca-Conserva Galega, non incluiremos nesta análise aquelas partidas que poidamos considerar menores ou pouco relevantes para o coñecemento da estrutura e a dinámica deste subsector.

Así, e seguindo a orde establecida nas propias taboas, atopámonos en primeiro lugar cunha merca de 76,097 millóns de pesetas da miteicultura ó propio sector, onde se recollería a adquisición de semente de mexilón a outros propietarios directamente ou ben através das lonxas. Cabe destacar a orixe integramente galega destas adquisicións.

Polo que respecta aos inputs procedentes da industria química analizarémolos conxuntamente, considerando os epígrafes de *química básica* (cloro e material de salvamento), *pintura* (pintura e alquitran para as bateas), *pirotécnica* (bengalas principalmente), *outra industria química* (productos de limpeza e fio) e *outros productos de caucho e plástico* (roupa de traballo, como botas de goma ou traxes de auga) e envases e embalaxes de plástico, que se ben xa foi analísado anteriormente a súa exclusión deste agregado provocaría resultados enganosos. Excluiremos o *refino de petróleo e outros*, que si por unha banda resulta obvio que é un input procedente da industria química, por outra, dada a súa procedencia dunha industria de enclave cuxa decisión de localización no territorio galego está completamente desvinculada das

sinerxias, complementariedades ou mercados que poidera acadar no territorio circundante. Polo tanto a súa inclusión na análise desvirtuaría as conclusións obtidas a respecto da capacidade de arrastre do subsector mítica e das características das súas interrelacións co resto das industrias vinculadas o sector pesqueiro-marisqueiro galego, en particular no referente a procedencia dos inputs cunha compoñente tecnolóxica máis elevada. Este sesgo na análise viría acentuado polo forte peso do refino de petróleo no total dos inputs.

Táboa 5. INPUTS PROCEDENTES DE INDUSTRIAS QUÍMICAS.

	GALIZA	RESTO DO ESTADO	RESTO DO MUNDO	TOTAL
QUÍMICA BAS.	186	2.250	874	3.309
PINTURA	27.030	40.545	22.525	90.099
PIROTÉCNIA	0	390	0	390
OUTRAS QUIM.	0	13.227	8.818	22.046
EMB PLASTICO	95.291	0	0	95.291
PROD CAUCHO	11.032	34.935	0	45.967
TOTAL	133.539	91.347	32.217	257.103
PORCENTAXE	51,93%	35,52%	12,53%	100%

FONTE: Elaboración propia sobre as TIOPC 95.

O dado máis relevante que se deriva da análise do agregado de inputs procedentes da industria química que se reflicte na táboa anterior, e que supoñen un total de 257,103 millóns, é a redución da porcentaxe de aqueles de orixe galega ate o 51,93%, fronte o 78,22% que caracteriza o total do subsector mítica. Chegando nos casos da *pirotécnica* e *outras industrias químicas* a nula presenza de adquisicións realizadas no ámbito da Comunidade Autónoma Galega. No caso de termos incluído o *refino de petróleo* e *outros* a porcentaxe de inputs de orixe galega elevaríase ate o 83,39%, mesmo por riba da media do subsector mítica, sobredimensionando así o nivel de integración real da miticultura no tecido productivo vinculado o sector pesqueiro-marisqueiro galego. Xa que os factores de localización da refinería de petróleos na Coruña son os típicos dunha industria de enclave. Deste xeito oscurecírase

un novo dado que parece corroborar a hipótese de que a medida que se incrementa o contido tecnolóxico dos inputs, e a industria química é intensiva en tecnoloxía, estes tenden a ser adquiridos fora da Galiza.

Pasando ao grupo de inputs procedentes de industrias metálicas, formado por *ferramentas e ferretería* (cables de metal), *productos metálicos diversos* (cadeas, ganchos, hélices e anclas) e *metaluxia e outros productos metálicos* (extintores); nestes destaca o baixo peso daqueles producidos por industrias radicadas na Galiza, tal e como podemos comprobar no seguinte cadro:

Táboa 6. INPUTS PROCEDENTES DE INDUSTRIAS METÁLICAS.

	Galiza	Resto do Estado	Resto Mundo	TOTAL
Ferramentas	62	0	0	62
Prod. Metálicos	0	0	151.290	151.290
Metalúrxia	0	944	0	944

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.

As cifras amosadas falan por si mesmas, o 99% deste agregado de inputs mércase no mercado exterior. Sendo o input de menor complexidade na súa produción, cables metálicos, o único que se adquire no mercado interno.

O seguinte sector suministrador de inputs, *construcción e reparación naval*, é relevante precisamente pola total ausencia de gasto dende a miticultura.

Táboa 7. INPUTS PROCEDENTES DA CONSTRUCCIÓN NAVAL. (Miles pta)

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Reparación naval	615.809	1.030.207	1.377.239	2.698.216	0	0
Construcción naval	742.087	1.013.258	4.940.300	6.747.025	1.646.078	6.750

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.

Esta partida recolle só o gasto en reparacións, en tanto que input, xa que a construción está reflectida na matriz de *formación bruta de capital fixo*, diferenciación que xa explicitamos no cadro anterior. Este resultado resposta a diversas motivacións. En primeiro lugar estaría o elevado volume de construción de embarcacións que se contratou nese ano, e que na medida en que significa unha importante renovación da flota conleva unha redución do número de barcos susceptibles de ser reparados. Por outra banda esta partida so recolle as reparacións realizadas en asteleiros, e, como xa se indicou, o gasto en reparación no subsector míticola esta centrado na maquinaria e na equipa mecánica e eléctrica, que se realiza sen necesidade de acudir o asteleiro; polo tanto os 22,323 millóns de peséas da partida de *maquinaria e equipa mecánica* adquiridos na Galiza estarían a reflectir os gastos de reparacións de maquinaria e instalación de repostos. Así mesmo unha pequena cantidade de gasto en reparacións estaría recollido na partida de *maquinaria e material eléctrico* (que recolle fundamentalmente baterías, lamparas e luces), cuio importe total é de 263.000 peséas. En terceiro lugar as operacións de mantemento que anualmente realizan en terra nos barcos de madeira (os de casco fibra de carbono ou metal necesitan un mantemento menor), adoitan realizarse polos propietarios axudados normalmente por familiares, amigos ou persoal contratado especificamente para esa labor. Na medida en que estas operacións consisten fundamentalmente na limpeza e pintado do casco, unha cantidade importante do gasto en mantemento estaría reflectido na partida de pinturas, que acadaba os 90.099 millóns de peséas, un importe considerable se temos en conta a estrutura de gasto desta actividade.

En xeral nos barcos vellos invístese pouco, o mínimo necesario, cunha visión excesivamente economizadora deste gasto.

Continuando coa orde establecida nas TIOPC 95 atopámonos con algunha partida de escaso releve a efectos na análise como e a de *enerxía eléctrica e gas*, por importe de 7,046 millóns de pts, cuia adquisición realizase integramente no mercado interno.

Minoristas diversos, cun importe de 98,421 millóns recolle diversos conceptos de gasto cuio interes para o análise e puramente cuantitativo.

Nesta orde a seguinte partida relevante e a de *transportes*, que supoñen 127,899 millóns de pts, servizo adquirido integramente a empresas radicadas na Galiza, e que presenta un coeficiente técnico de produción de 0,014549. Ratio que imos contrastar co resto das actividades pesqueiro-marisqueiras:

Táboa 8. INPUTS PROCEDENTES DO SECTOR DE TRANSPORTES. (Miles pta)

TRANSP.	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Coef.	0.004090	0.007684	0.009309	0.060070	0.014549	0.024009
Valor	72.884	135.168	265.156	2.580.071	127.899	133.815

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.

Para explicar este dispar resultado teriamos que analizar caso por caso, pois resposta a causas diferentes practicamente en cada subsector. Polo que respecta a miticultura, en relación o resto, o elevado coeficiente técnico viría explicado polo elevado peso dos gastos en transportes no total dos inputs (é o 7º concepto de gasto en orde de importancia). No resto dos subsectores, menos no marisqueo e na pesca de Gran Altura, o peso relativo dos gastos de transporte e menor. Dende o punto de vista do propio subsector o dado pode ser sorprendente na medida en que a produción, tanto para fresco como para conserva, é recollida no mesmo peirao. A explicación deste gasto ven dada polo alquiler de embarcacións que, propietarios de bateas que non posuen barco, ou ben posuen barcos de escasa dimensión e/ou desprovistos de grua, e propietarios de múltiples bateas e un so barco, contratan para a o encorde, desdoble e recollida da produción. Un pequeno porcentaxe desta partida tamén e debido os custos de transporte da mexila adquirida a terceiros.

Polo que atinxe aos *servicios portuarios*, estos supoñen 19,366 millóns, que son adicados concretamente a remuneración dos servizos de grua, carro e báscula. A disparidade entre os portos nos que descarga cada subsector pesqueiro, os diferentes tipos de servizos que requiren e a variación entre as taxas por servizos dos portos da

costa galega, fai que este tipo de gastos se recolla nas TIOPC 95 en diferentes subsectores suministradores, e que polo tanto non sexan conceptos estrictamente homoxeneizables de cara a súa comparación.

A partida de *correos e comunicacións*, cun importe de 39,557 millóns de pts, non amosa ningunha característica máis relevante para a análise.

Así entramos no grupo de inputs procedentes dos sectores financeiro, asegurador e de servicios as empresas, cuido análise si aporta conclusións de certo interese.

Dentro deste grupo temos en primeiro lugar os *intermediarios financeiros*, onde se rexistra un desenvolvo por valor de 65,951 millóns de pts, realizado integramente no mercado interno.

**Táboa 9. RELEVANCIA DOS INPUTS PROCEDENTES
DE INTERMEDIARIOS FINANCIEROS.**

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Intermedia rios finac.	58.540	352.154	738.710	1.598.331	65.951	20.872
Producción efectiva.	17.818,125	17.519,171	28.482,509	42.950,993	8.790,894	5.573,549

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.

O cadro anterior amosa como esta partida, que recolle fundamentalmente primas de seguros e en menor medida outros gastos financeiros (desconto de letras, comisións, etc), varía de uns subsectores a outros paralelamente a súa produción efectiva, se ben a medida que aumenta a complexidade do subsector aumenta tamén o número de elementos a asegurar, e polo tanto o volumén total da partida. No caso concreto do subsector míticola o baixo volume de seguros contratados viría dado tanto polo tipo de seguros existestes no ano 95, cunha escasa oferta de seguros que cubrirán o produto, que é onde se centra unha porcentaxe importante do nivel de risco; como por unha certa

inmadurez na xestión. En definitiva o gasto en seguros da miticultura parece excesivamente reducido, tanto a respecto do resto dos sectores, excepto o marisqueo e a pesca de baixura (os menos desenvoltos), como a respecto dos importantes riscos que afectan a produción mitícola, derivados fundamentalmente das chamadas *mareas vermellas*.

Con todo o gasto en seguros varía segundo o tamaño das explotacións. Así se profundizanos nas enquisas sobre as que se realizaron as TIOPC 95, observamos que para o estrato 1 (de unha a dúas bateas), o porcentaxe de explotacións que suscriben algun tipo de seguro é do 10,8%; para o estrato 2 (de tres a nove bateas) e do 25% e, finalmente, para o estrato 3 (máis de nove bateas) é do 62,5%. Polo tanto podemos pensar que a medida que aumenta a dimensión da explotación racionalízase a súa xestión, o que conlevaría unha maior porcentaxe de seguros contratados.

O seguinte item que compre analizar é o de *actividades xurídicas e xestorías*, que debido a unha errata aparece nas TIOPC 95 cun valor nulo, sendo o seu valor real de 76,293 millóns de pts. Si ben neste un tipo de gasto non existen diferencias abruptas nin no interior do subsector entre os diversos estratos en que se dividiu a mostra, nin a respecto de outros subsectores, nos que o volume de gasto é proporcional a súa dimensión, o gasto en asesoría da miticultura é inferior o de tódolos demáis subsectores excepto o marisqueo. En especial sorprende que resulte inferior a sectores como baixura e litoral cuia dimensión e complexidade resulta menor ca do subsector mitícola. De aquí podemos inferir que nesta actividade non se ten dado en suficiente medida un proceso de externalización de determinadas labores, en particular de algunhas de xestión, en función da especialización ou da capacidade para levalas a cabo con eficacia, e que polo tanto existe unha certa inmadurez na xestión. Por outra banda, e como era de esperar non existen adquisicións destes servicios no exterior.

Táboa 10. INPUTS PROCEDENTES DE XESTORÍAS. (Miles pta.)

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Xestorías	87.065	96.062	206.241	291.478	76.293	9.390

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.

A continuación estaría a partida de *publicidade*, que engloba publicidade, promocións e relacións públicas, cun importe de 3,101 millóns desenvolvidos integramente na Galiza. O principal concepto de gasto neste caso sería o de relacións públicas, si ben nos estratos 2 e 3 atopámonos con algunha explotación que realiza gastos específicos en publicidade. Na medida en que a produción de mexilón non require publicidade para a súa saída o mercado podemos pensar que o gasto en publicidade é debido a vinculación da explotación a unha depuradora, que sería quen realmente adquiriría este servizo. A atribución errónea do gasto é debida a ausencia de diferenciación das dúas actividades por parte do titular conxunto.

A partida de *outros servizos empresariais* recolle un importante montante de gasto por valor de 143,617 millóns de peséas, que se destinan a adquisicións de produtos ou servizos realizados integramente na Galiza. O feito de ser esta unha partida xenérica dificulta a comparación con outros subsectores, se ben o interese para a análise non é moi alto xa que através dos inputs analizados é posible acadar unha visión clara da estrutura productiva e dinámica do subsector.

Finalmente baixo o epígrafe de *organizacións empresariais e profesionais* recollense 102,654 millóns de peséas derivados do pago de cuotas a cofradías e asociación. O que reflicte en boa medida a importancia da base asociativa de esta actividade

3. ANÁLISE DOS INPUTS PRIMARIOS.

A visión global do conxunto dos inputs necesarios no proceso productivo da miticultura verase completada coa análise dos inputs recollidos na matriz de **Inputs Primarios**, onde se reflicte a retribución dos factores de produción empregados polo sector, traballo e capital, así como a incidencia da actividade do Estado, xa sexa impositiva ou de apoio, sobre a produción, e finalmente as aportacións do resto do mundo através das importacións.

Da análise dos inputs primarios cabe destacar tres características da estrutura productiva da miticultura: unha baixa remuneración de asalariados, o escaso volume das

importacións equivalentes do resto do mundo, e unha xeración de Valor Engadido Bruto a prezos de mercado relativamente elevada.

Escomenzando pola remuneración de asalariados, esta queda reflectida de xeito comparado na Táboa 11:

Táboa 11. RELEVANCIA DA REMUNERACIÓN DE ASALARIADOS. (Miles pta)

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultur	Marisqueo
					a	
Remunerac asalariados	4.199.192	7.355.888	13.452.339	12.473.191	1.751.391	456.604
Porcentaxe sobre p.e.	23,56%	41,81%	47,23%	29,04%	19,92%	8,19%
Producción efectiva	17.818.125	17.591.171	28.482.509	42.950.955	8.790.894	5.573.549

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.

A contextualización do sector míticola no conxunto das actividades pesqueiras e marisqueiras fíxose contrastando a remuneración de asalariados de cada unha delas a respecto da súa produción efectiva, xa que entendemos que é razoable pensar que unha maior produción conleva un maior volume de man de obra empregada, si ben esta relación varía en función das características productivas e das relacións laborais de cada actividade. Así, por exemplo, a incorporación de procesos industriais nos barcos de gran altura conleva o menor peso de remuneración de asalariados no valor da súa produción efectiva. No tocante á produción de mexillón a remuneración de asalariados representa o 19,92% desta. Como se pode observar, amosa a porcentaxe máis baixa si exceptuamos o marisqueo, onde a atomización da produción xustifica o baixo peso da remuneración de asalariados.

A contrapartida do reducido peso da remuneración de asalariados na produción míticola é a importancia relativa que adquire o *Excedente Bruto de Explotación*, que comprende as rendas da propiedade e da empresa, así como o consumo de capital fixo.

Táboa 12. O EXCEDENTE BRUTO DE EXPLOTACIÓN. (Miles pta).

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Excedente bruto expl.	7.676.370	4.093.259	4.943.105	13.086.805	4.497.020	4.841.373

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.

Na medida en que este valor obtense restándolle ao VEBpm a Remuneración de Asalariados e os impostos ligados á produción, e sumándolle as subvencións de explotación, un menor peso da remuneración do traballo significa unha maior remuneración da propiedade. Así a miticultura acada un ratio lixeiramente inferior á pesca de altura, que cunha facturación moi superior ten tamén unha remuneración de asalariados 10 veces superior.

A calidade da produción autóctona de mexilón vese reflectida nalgunha medida no volume das importacións equivalentes procedentes do resto de España ou do resto do mundo.

Táboa 13. RELEVANCIA DAS IMPORTACIÓNS DE MEXILLÓN. (Miles pta.)

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Import. De España	0	473.411	1.010.152	10.269.030	0	90.724
Import. Do Mundo	1.324.045	4.218.007	7.182.011	80.930.567	804.072	13.829.660
Total	1.324.045	4.691.418	8.192.163	91.199.597	804.072	13.920.384
Producción efectiva	17.818.125	17.591.171	28.482.509	42.950.955	8.790.894	5.573.549

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.

Así o escaso volume de importacións na miticultura, tanto en termos relativos como absolutos, podería ser indicativo do importante grao de adecuación da produción local á demanda dos mercados e polo tanto da calidade da produción, entendida como axeitamento as especificacións acordadas cos demandantes, se ben esta é unha relación dinámica que depende tanto das características da oferta como da demanda. Por elo o importante volume de importacións nos demais sectores excepto no de baixura non indica nada en contra da súa calidade.

O *valor engadido bruto a prezos de mercado* representa o valor novo creado no proceso productivo ó longo do período considerado: o ano 95. O seu valor corresponde a suma alxebraica dos seguinte elementos: remuneración de asalariados, excedente bruto de explotación e impostos ligados a produción, os que se lle restan as subvencións de explotación.

Táboa 14. VEBpm (Miles pta).

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
VEBPM	11.879.521	11.444.672	17.892.464	23.226.373	6.225.996	5.234.075
Aportación a P.E.	66,67%	65,05%	62,81%	54,07%	70,82%	93,9%

FONTE: Elaboración propia sobre TIOPC 95.

A análise comparativa do VEBPM amosa dados relevantes é a vez consecuentes coa estrutura productiva de cada subsector, sendo maior o valor novo creado canto máis primaria é a actividade, canto máis intensiva no recurso é. Así o 93,9% de creación de valor na produción efectiva do marisqueo e propio dunha actividade puramente extractiva, e o 54% da pesca de gran altura indica a incorporación de procesos industriais. Entre medias situáranse o resto dos subsectores pesqueiros e cun valor lixeiramente máis alto que estos a miticultura.

O resto dos items non requiren maior comentario, xa que este non aportaría nada novo a análise que vimos realizando.

4. FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL FIXO.

A visión da estrutura productiva da miticultura complétase, no tocante á información que podemos obter através das TIOGA, coa análise da matriz de formación bruta de capital fixo, onde se recolle de maneira desagregada o conxunto de vens duradeiros novos incorporados polas unidades de produción residestes co fin de usalos durante máis dun ano no proceso de produción.

A Formación Bruta de Capital Fixo na miticultura acadou un valor no ano 95 de 2.864 millóns de pesetas. Tal cifra, tomada en termos absolutos resulta relevante dado que supera a capacidade inversora de subsectores como a pesca de baixura ou a de litoral. Pero si a relativizamos a respecto dun indicador da dimensión económica dun sector, como podería ser a ser a produción efectiva, o resultado é que a miticultura amosa o maior compromiso inversor de toda a pesca galega, xa que o investido equivale ao 32,6% do valor da súa produción.

Tales datos son congruentes co proceso de modernización que se está a dar na miticultura unha vez superadas as dificultades vividas a principios da década. Así mesmo son congruentes co certo envellecemento que sufren as flotas de baixura e litoral. Non obstante temos que ter en conta que este análise é estática e que a hora de avaliar esa capacidade inversora deberíamos facelo para períodos máis longos.

Por outra banda o ano 95, como xa se ten indicado, foi un ano de produción anormalmente baixa debido aos peche provocados pola mareas bermellas, polo que probablemente se estea a dar unha sobreestimación da relevancia da FBCF a respecto da dimensión económica do sector. En calquera caso, non deixa de ser indicativo dun certo dinamismo no interior desta actividade, que se traslada á mellora das súas capacidades productivas.

Táboa 15. RELEVANCIA DA FBCF NA ESTRUCTURA PRODUCTIVA.

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Total FBCF	1.602.156	1.549.810	5.588.113	10.526.379	2.864.377	131.563
Producción efectiva	17.818.125	17.591.171	28.482.509	42.950.955	8.790.894	5.573.549
% da FBCF na P. E.	9,0%	8,8%	19,6%	24,5%	32,6%	2,4%

FONTE: Elaboración propia a partir das TIOPC 95.

O dado máis relevante para a nosa análise sería o da *construcción e reparación naval*, que neste ano adquire un importante releve dentro da formación bruta de capital fíxo.

Si a inversión en construción de buques no subsector míticola a comparamos coa inversión realizada polo resto dos subsectores pesqueiros o resultado pode ser enganoso xa que a estrutura da formación bruta de capital fíxo resulta máis complexa no primeiro caso.

Táboa 16. RELEVANCIA DA CONSTRUCCIÓN NAVAL NA FBCF.

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Construcción naval	742.087	1.013.258	4.940.300	6.747.025	1.646.078	6.750
Peso no total	46,31%	65,37%	88,4%	64,09%	57,46%	5,13%
Total FBCF	1.602.156	1.549.810	5.588.113	10.526.379	2.864.377	131.563

FONTE: Elaboración propia a partir das TIOPC 95.

Este concepto, no que non se inclúen as reparacións, só construción de barcos, apesares de representar un importante volume no total da FBCF da miticultura resulta inferior en termos relativos a respecto do resto dos subsectores, con excepción da pesca

de baixura e lóxicamente do marisqueo. Sin embargo debemos ter en conta que a estrutura do investimento é moito máis diversificada no primeiro caso. Así namentres que nas actividades pesquiras o barco e os elementos que conleva é o principal instrumento productivo na miticultura este papel compartese coa batea, aínda que o volume de inversión que esta require seña moito menor. Non obstante en termos absolutos a miticultura é o terceiro subsector en volume de investimento en *construcción e reparación naval* dentro do sector pesqueiro-marisqueiro, por tras de dous subsectores cunha dimensión moito maior como son o de altura e grande altura.

Táboa 17. SECTORES SUBMINISTRADORES DE CAPITAL FIXO.

	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Nº de sectores suministradores	5	4	4	6	9	6

FONTE: Elaboración propia a partir das TIOPC 95.

Na Táboa 17 observamos como efectivamente o número de sectores nos que se orixinan inputs destinados á FBCF é notablemente maior na miticultura.

Para avaliar o esforzo do investimento en buques de cada subsector ou o que é o mesmo, a relación entre este investimento e as capacidades de cada subsector, e así determinar si efectivamente a miticultura fixo un esforzo notable no ano 95 neste ámeto, compararemos a construción naval coa produción efectiva:

**Táboa 18. VALOR DA CONSTRUCCIÓN NAVAL A RESPEITO
DA PRODUCCIÓN EFECTIVA.**

Subsector	Baixura	Litoral	Altura	G. Altura	Miticultura	Marisqueo
Porcentaxe	4,16%	5,76%	17,34%	15,70%	18,72%	0,12%

FONTE: Elaboración propia a partir das TIOPC 95

Ainda que a construción naval e a produción efectiva non son termos relacionados dun modo mecánico ou estrictamente proporcional, e o gasto en novas embarcacións varía segundo as circunstancias de cada ano e sector, os datos da táboa anterior sirven para interpretar, aínda que sexa dun modo un tanto intuitivo, a importancia da construción naval da miticultura no ano 95. Como se ve neste ano o valor da construción a respecto da produción efectiva acadou a súa máxima representatividade no conxunto dos subsectores na miticultura.

E é precisamente o elevado volume de construción naval da miticultura unha das razóns que xustificaba o reducido gasto en reparacións no ano obxecto da análise.

Directamente vinculados á construción naval existen outra serie de conceptos, como é *maquinaria e equipa mecánica*, que supón 270,941 millóns de pesetas, e *maquinaria e material eléctrico*, cun importe de 5,238 millóns. Así o **conxunto do investimento en construción e equipamento de buques ascende a 1.922,257 millóns**, o que significa o 67,11 do investimento total.

A partida de manufacturas diversas podería englobar algúns gastos relativos a mobiliario destinado os barcos, si ben a súa consideración non provoca cambios salientables an análise, xa que o seu importe total é de 1,8 millóns de pesetas.

No que respecta o gasto vinculado a construción de bateas este viría recollido fundamentalmente en dúas partidas exclusivas de esta actividade: por unha banda *envases e embalaxes e outras industrias da madeira*, cun importe de 304,036 millóns, onde se reflectiría o investimento en vigas, pontons e outras aplicacións da madeira que compoñen a estrutura superficial da batea. E por outra banda *metalurxia e produtos metálicos*, cun importe de 290,594 millóns, onde se recollen fundamentalmente os investimentos na estrutura semisumerxida e sumerxida da batea, como son os cilindros metálicos que fan as veces de flotadores, os anclaxes, así como outros elementos metálicos da batea. **En total o investimento adicado a construción de bateas ascende a 594,630 millóns de pesetas**, o que supón o 20,75% da FBCF da miticultura.

O 12,14% restante divídese en *outro material de transporte*: 57,232 millóns, *manufacturas diversas*: 1,8 millóns, *construcións*: 216,457 millóns e *outros servicios empresariais*: 72 millóns de pesetas.

5. CONCLUSIÓNS.

Como resultado da análise practicada podemos afirmar algúñas características relevantes a respecto da estrutura productiva da miticultura galega.

En primeiro lugar a súa forte integración cos restantes sectores da economía galega, dado o elevado porcentaxe de inputs intermedios adquiridos a sectores provedores radicados na Galiza. Polo tanto cabe falar dunha elevada capacidade de arrastre da miticultura, respecto do seu propio tamaño, sobre outros sectores productivos.

En segundo lugar temos que a miticultura amosa unha baixa remuneración de asalariados. Situación que é debida a predominancia do emprego autónomo e á abundancia de axudas familiares a respecto de outras modalidades de emprego.

Constatamos, así mesmo, a hexemonía do mexillón galego dentro do propio mercado dado o escaso volume de importacións que se producen. O que, sen dúbida, está relacionado non só co posicionamento no mercado se non tamén coa súa idoneidade para os fins aos que é destinado.

Cabe destacar, tamén, a elevada rendabilidade desta actividade, xa que acada un *Excedente Bruto de Explotación* similar ou incluso máis elevado ao de outras actividades pesqueiras cunha produción en valor notablemente superior. Non obstante esta partida incluíría a remuneración de autónomos e axudas familiares que se realizaría como rendas da empresa.

Finalmente a capacidade de investimento que a análise da FBCF amosa é indicativo dun sector dinámico que esta a modernizar as súas capacidades productivas. Proceso que tras ser iniciado a mediados dos 80 sufriu un parón ao final da década e que superadas as dificultades sufridas a inicios do 90 retoma o proceso modernizador.

BIBLIOGRAFÍA.

- ANDREU, B. “Sobre el cultivo del mejillon en Galicia”. En Escolma de traballos sobre o mexillón en Galicia (1955-1989). Xunta de Galicia (1989)
- DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J.C.; CASTRO COTÓN, M; MIRADA TORRADO, F.M. “el sector mejillonero en Galicia: evolución y situación actual”. X reunión de Asepelt-España. Albacete, 1996.
- GARCÍA ERQUIAGA, E; SAN MARTÍN CAMPOS, C. Análisis estratéxico del sector mejillonero gallego: Las bases para un plan director. Mexillón de Galicia. Vilagarcía de Arousa (2000).
- GARCÍA GONZÁLEZ, JOSÉ RAMÓN. Análisis económico de las industrias de conservas y semiconservas de pescados y mariscos españolas. Situación actual. 1996-1997. IDEGA. Santiago de Compostela (1998).
- GARCÍA NEGRO, Mª DO CARME. Táboa input-output da pesca-conserva galega. 1995. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela (1997).
- GARCÍA NEGRO, Mª DO CARME. Modelo de crecemento económico desde un sector considerado tradicionalmente primario. 1998. Inédito.
- IGE. Estatísticas do mercado de traballo. Anuario 1997. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. (1999).
- INE. Estadística sobre las actividades en investigación científica y desarrollo tecnológico (I+D). Indicadores básicos 1994. Madrid (1997).
- MAPA. Libro Blanco de la Acuicultura en España. Madrid (2000).
- MARTÍNEZ FERREIRO, R; PENAS PATIÑO, X; TORRES REINO, X. M. “Síntese histórica do marisqueo en Galicia. Én: Marisqueo en Galicia. 3^{as} xornadas de medio mariño e acuicultura. Sada, 1994”. Edicións do Castro. A Coruña, 1998.
- MINER. Informe sobre la industria española 1996-1997. Secretaría general técnica (1999).
- OCDE. Science, industries and technology – Scoreboard of indicators. OECD (1997).
- OTERO RIVERA, C (Dir.). Proxecto conceptual do buque auxiliar de cultivos mariños (fibra). Xunta de Galicia (1993).

- PÉREZ DE GUZMAN, T. Las familias mariscadoras de la ría de Arosa. El eslabón más debil de la cadena. Instituto de Ciencias de la Familia. Sevilla, 1974.
- PÉREZ SÁNCHEZ, J.A. Las actividades agropecuarias y pesqueras en la Ría de Arousa. Dinámica e incidencia territorial. Diputación de Pontevedra. Pontevedra (1996).
- PORTO ROMERO, M. Estudio de la situación de los tres sectores económicos del mejillón. SODIGA. A Coruña, 1975.
- VENCE DEZA, XAVIER. Economía de la innovación y del cambio tecnológico. Ed. Siglo XXI. Madrid (1995).
- VENCE DEZA, XAVIER. Industria e innovación. Ed. Xerais de Galicia. Vigo (1998).

DOCUMENTOS DE TRABAJO YA PUBLICADOS

ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA:

1. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información simétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
2. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información asimétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
3. *Modelos empíricos de oligopolio: una revisión.* (María Consuelo Pazó Martínez).
4. *El Análisis económico de los procesos de urbanización.* (Olga Alonso Villar).
5. *Optimal Tariffs When Production is fixed.* (José Méndez Naya; Luciano Méndez Naya).
6. *Reglas de clasificación discriminante: aplicación a la vivienda.* (Raquel Arévalo Tomé).
7. *Estructura demográfica y sistemas de pensiones. Un análisis de equilibrio general aplicado a la economía española.* (María Montero Muñóz).
8. *Spatial distribution of production and education.* (Olga Alonso-Villar).
9. *Diferencias salariales y comportamiento no competitivo en el mercado de trabajo en la industria española.* (Victor Manuel Montuenga, Andrés E. Romeu Santana, Melchor Fernández Fernández)
10. *GPs' Payment Contracts and their Referral Policy.* (Begoña García Mariñoso and Izabela Jelovac)
11. *Una nueva matriz de contabilidad social para España: la SAM-90.* (Melchor Fernández y Clemente Polo)
12. *Money and Business Cycle in a Small Open Economy.* (Eduardo L. Giménez y José María Martín-Moreno).
13. *Endogenous Growth With Technological Change: A Model Based On R&D Expenditure.* (M^a Jesús Freire-Serén).
14. *Productive Public Spending In A Balassa-Samuelson Model Of Dual Inflation.* (Jóse María Martín-Moreno y Jorge Blázquez).
15. *Efficient Allocation of Land between Productive Use and Recreational Use.* (Eduardo L. Giménez, Manuel González Gómez).
16. *Functional Forms, Sampling Considerations And Estimation Of Demand For Protected Natural Areas: The Cies Islands Case Study In Galicia (Spain).* (Manuel González Gómez, Philippe Polomé y Albino Prada Blanco).
17. *Innovación E Comercio: Estimación Dun Modelo Dinámico De Datos De Panel Con Coeficientes Heteroxéneos.* (Xulia Guntín Araujo)

ÁREA DE ECONOMÍA APLICADA:

1. *Economía de Mercado e Autoxestión: Sociedades Anónimas Laborais do Sector Industrial en Galicia.* (Xosé Henrique Vazquez Vicente).
2. *Fecundidade e Actividade en Galicia, 1970-1993.* (Xoaquín Fernández Leiceaga.)
3. *La reforma de la financiación autonómica y su incidencia en Galicia.* (Xoaquín Álvarez Corbacho).
4. *A industria conserveira: Análise económica dunha industria estratéxica en Galicia. 1996.* (José Ramón García González).
5. *A contabilización física dos fluxos de enerxía e materiais.* (Xoan Ramón Doldán García).
6. *Indicadores económico-financieros estratificados do sector industrial conserveiro en Galicia. 1993-1996.* (José Ramón García González).
7. *A desigualdade relativa na distribución persoal da renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91.* (Ángela Troitiño Cobas).
8. *O benestar-renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91.* (Ángela Troitiño Cobas).
9. *El fraccionamiento del periodo impositivo en el IRPF Español y la decisión temporal de casarse.* (Jaime Alonso, Xose C. Álvarez, Xose M. González e Daniel Miles)
10. *Análise dos inputs intermedios, primarios e da formación bruta de capital fixo no sector micícola galego.* (Gonzalo Rodríguez Rodríguez).

ÁREA DE HISTORIA:

1. *Aproximación ao crédito na Galiza do S. XIX. Os casos da terra de Santiago e da Ulla.* (Francisco Xabier Meilán Arroyo)
2. *Aspectos do comercio contemporáneo entre España e Portugal.* (Carmen Espido Bello).
3. *Pensamento económico e agrarismo na primeira metade do século XX.* (Miguel Cabo Villaverde).
4. *Civilizar o corpo e modernizar a vida: ximnasia, sport e mentalidade burguesa na fin dun século. Galicia 1875-1900.* (Andrés Domínguez Almansa).
5. *Las élites parlamentarias de Galicia (1977-1996).* (Guillermo Marquez Cruz).
6. *Perfil do propietario innovador na Galicia do século XIX. Historia dun desencontro.* (Xosé R. Veiga Alonso).
7. *Os atrancos do sector pecuario galego no contexto da construción do mercado interior español, 1900-1921.* (Antonio Bernardez Sobreira).
8. *Los estudios electorales en Galicia: Una revisión bibliográfica (1876-1997).* (Ignacio Lago Peñas).
9. *Control social y proyectos políticos en una sociedad rural.* Carballo, 1880-1936. (Silvia Riego Rama).
10. *As Primeiras Eleccións do Estatuto Real na Provincia de Lugo.* (Prudencio Vivero Mogo).
11. *Galicia nos Tempos de Medo e Fame: Autarquía, Sociedade e Mercado Negro no Primeiro Franquismo, 1936-1959.* (Raúl Soutelo Vázquez).

ÁREA DE XEOGRAFÍA:

1. *A industria da lousa.* (Xosé Antón Rodríguez González; Xosé M^a San Román Rodríguez).
2. *O avellentamento demográfico en Galicia e as súas consecuencias.* (Jesús M. González Pérez; José Somoza Medina).
3. *Estructura urbana da cidade da Coruña, os barrios residenciais: o espacio obxectivo e a súa visión a través da prensa diaria.* (M^a José Piñeira Mantiñán; Luis Alfonso Escudero Gómez).
4. *As vilas e a organización do espacio en Galicia.* (Román Rodríguez González).
5. *O comercio nas cabeceiras do interior de Galicia.* (Alejandro López González).
6. *A mortalidade infantil no noroeste portugués nos finais do século XX.* (Paula Cristina Almeida Remoaldo).
7. *O casco histórico de Santiago de Compostela, características demográficas e morfolóxicas.* (José Antonio Aldrey Vázquez; José Formigo Couceiro).
8. *Mobilidade e planificación urbana en santiago de compostela: cara a un sistema de transportes sustentable.* (Miguel Pazos Otón).
9. *A produción de espacio turístico e de ocio na marxe norte da ría de pontevedra.*(Carlos Alberto Patiño Romarís)

ÁREA DE XESTIÓN DA INFORMACIÓN

1. *Estudio Comparativo das Bases de Datos: Science Citation Index, Biological Abstracts, Current contents, Life Science, Medline.* (Margarida Andrade García; Ana María Andrade García; Begoña Domínguez Dovalo)
2. *Análise de satisfacción de usuarios cos servicios bibliotecarios da Universidade na Facultade de Filosofía e CC. da Educación de Santiago.* (Ana Menéndez Rodríguez; Olga Otero Tovar; José Vázquez Montero).

❖ *Tódolos exemplares están dispoñibles na biblioteca do IDEGA, así como na páxina WEB do Instituto(<http://www.usc.es/idega/>)*

NORMAS PARA A REMISIÓN DE ORIXINAIS:

Deberán ser remitidos tres exemplares do traballo e unha copia en diskette ao Director do IDEGA: Avda. das ciencias s/nº. Campus Universitario Sur. 15706 Santiago de Compostela, cumprindo coas seguintes normas:

1. A primeira páxina deberá incluír o título, o/s nome/s, enderezo/s, teléfono/s, correo electrónico e institución/s ás que pertence o/s autor/es, un índice, 5 palabras chave ou descriptors, así como dous resumos dun máximo de 200-250 palabras: un na lingua na que estea escrita o traballo e outro en inglés.
2. O texto estará en interlineado 1,5 con marxes mínimas de tres centímetros, e cunha extensión máxima de cincuenta folios incluídas as notas e a bibliografía.
3. A bibliografía se presentará alfabeticamente ao final do texto seguindo o modelo: Apelidos e iniciais do autor en maiúsculas, ano de publicación entre paréntese e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano. Título en cursiva. Os títulos de artigo irán entre aspas e os nomes das revistas en cursiva. lugar de publicación e editorial (en caso de libro), e, en caso de revista, volume e nº de revista seguido das páxinas inicial e final unidas por un guión.
4. As referencias bibliográficas no texto e nas notas ao pé seguirán os modelos habituais nas diferentes especialidades científicas.
5. O soporte informático empregado deberá ser Word(Office 97) para Windows 9x, Excell ou Acces.
6. A dirección do IDEGA acusará recibo dos orixinais e resolverá sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados ás Sesións Científicas do Instituto.

O IDEGA someterá tódolos traballos recibidos a avaliación. Serán criterios de selección o nivel científico e a contribución dos mesmos á análise da realidade socio-económica galega.